



POZO CAÍDO-RÍO PACÍN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Pozo Caído: 3 km (ida e volta)
Completa: 7 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 2 horas



Camiño do Pozo Caído

En Entrimo, no río Pacín, Casal ou da Montaña, afluente do Limia que baixa da serra do Leboreiro cun curso moi encaixado e de forte pendente no que hai numerosas fervezas.

COMO CHEGAR:

Desde a Feira Vella (Entrimo) cóllese a pista da praia fluvial, que sae a carón da casa rural (mesmo no cruce de estradas) e séguese ata o final, crúzase o río e déixase o coche.. Desde alí cóllese o camiño que remonta o curso do río e pasados 700 m (xusto no punto en que empeza a gañar altura) sae un desvío á dereita que leva ao río, alí crúzase e remóntase o curso, outros 700 m, por carreiros máis ou menos marcados, ata chegar á ferveza. Tamén podemos achegarnos á praia fluvial desde Entrimo

Se seguimos pola pista, 3 km, vemos desde ela, e sen posibilidade de achegarse, varias fervezas máis. Desde Venceán pódese baixar a outra zona de rápidos e pozas e desde Queguas remontar o río seguindo outra ruta para achegarse a outras fervezas.



Salto do río arriba do Pozo Caído



Pozo Caído